

Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚMERO 178/2016.

En cumprimento do previsto no artigo 38 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

ACORDO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria do **PLENO** da Corporación que terá lugar no Salón de Sesións da Casa do Concello o vindeiro día **31 de marzo de 2016 (xoves) ás 20:00 horas**, coa seguinte orde do día:

PARTE I. ADOCIÓN DE ACORDOS

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior realizada o 9 de decembro de 2015.
- 2.- Aprobación da acta da sesión anterior realizada o 17 de decembro de 2015.
- 3.- Aprobación da acta da sesión anterior realizada o 22 de decembro de 2015.
- 4.- Aprobación da acta da sesión anterior realizada o 28 de xaneiro de 2016.
- 5.- Aprobación da acta da sesión anterior realizada o 18 de febreiro de 2016.
- 6.- Aprobación da acta da sesión anterior realizada o 14 de marzo de 2016.
- 7.- Ratificación da Resolución do Alcalde 117/2016, do 23 de febreiro, polo que se aproba o convenio de colaboración entre os concellos de Dodro, Padrón e Rois para a xestión compartida, desenvolvemento conxunto e posta en funcionamento do obradoiro de emprego destinado a persoas mozas incluídas no ficheiro do sistema nacional de garantía xuvenil "Mocidade en acción 2016-Terras de Iria".
- 8.- Ratificación da Resolución do Alcalde 118/2016, do 23 de febreiro, polo que se aproba o convenio de colaboración entre os concellos de Dodro, Padrón e Rois para a xestión compartida, desenvolvemento conxunto e posta en funcionamento do obradoiro de emprego "Terras de Iria III-1".
- 9.- Ratificación da Resolución do Alcalde 61/2016, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o convenio de colaboración entre os concellos de Dodro, Padrón e Rois para a solicitude de subvención e xestión compartida, do proxecto "Recuperación e limpeza entorno do río Sar (Dodro-Padrón-Rois)" ao abeiro da Orde o 21 de decembro de 2015 de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- 10.- Ratificación da Resolución do Alcalde 95/2016, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o convenio de colaboración entre os concellos de Dodro e Padrón para a solicitude de subvención e xestión compartida, do proxecto "Acondicionamento entorno do río Sar (Dodro-Padrón)" ao abeiro da Orde o 23 de decembro de 2015 de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- 11.- Ratificación da Resolución do Alcalde número 123/2016 pola que se aproba o modificado nº 1 do proxecto técnico da obra "Rehabilitación da Casa dos Capeláns sita no atrio da Ex-colexiata de Santa María de Iria Flavia. Padrón", incluída no PAS/2015.
- 12.- Aprobación do modificado número 1 do proxecto técnico "Mellora da rede de saneamento e instalación de bombeo en Lestido. Concello de Padrón", incluído no PAS 2015.
- 13.- Adhesión á Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña.
- 14.- Moción presentada por CIPa sobre a seguridade da avenida de Pontecesures.
- 15.- Moción presentada por PSG-PSOE sobre a formación específica para obter o carné de Manipulador de Produtos Fitosanitarios.

16.- Moción presentada por VECIÑOS DE PADRÓN sobre a seguridade das instalacións dos parques infantís.

17.- Moción presentada por BNG, PGD e VECIÑOS DE PADRÓN sobre o mantemento do alumbrado público.

18.- Moción presentada por PSdeG-PSOE relativa ao cumprimento real e efectivo da Carta Europea das linguas rexionais e minorizadas.

19.- Moción presentada por CIPa para construción dun novo auditorio municipal.

20.- Moción presentada por CIPa para dotar de locais de ensaio á Banda de Música Municipal de Padrón e á Asociación Folclórica o Pedrón.

21.- Moción presentada por VECIÑOS DE PADRÓN sobre o apoio ás persoas refuxiadas e migrantes de Europa.

22.- Moción presentada por PGD sobre a concesión do Centro Social.

23.- Moción presentada polo PSdeG-PSOE relativa ao horario de apertura do cuartel da Guardia Civil, número de axentes e patrullas pola zona rural".

24.- Moción presentada pola CIPa sobre as tarxetas de residentes.

25.- Moción presentada por AxP sobre as vallas publicitarias do campo de fútbol do Souto.

26.- Moción presentada por AxP sobre a Oficina Municipal de Emprego.

PARTE II. CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

27.- Dación de conta da incorporación de don Francisco García Dios ao grupo político municipal do PP.

28.- Dación de conta das Resolúcións adoptadas pola Presidencia contrarias aos reparos suspensivos formulados pola Intervención municipal. Reparos 1 e 2.

29.- Dación de conta das Resolúcións do Alcalde da número 034/2016 á número 174/2016.

30.- Mocións de urxencia.

31.- Rogos e preguntas.


Segundo. Notificar o presente acordo a todas as Concelleiras e todos os Concelleiros, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do mesmo, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Facer público o presente acordo mediante a inserción do mesmo no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 23 de marzo de 2016

O Alcalde

Asdo. Antonio Fernández Angueira



Ante min
A Secretaria

Asdo. Ana María Ares Álvarez